



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 731 Semana do 22 ao 28 de maio de 2017

**A NEFASTA XESTIÓN DO GOBERNO DO PP ESTÁ A CONDUCIR A PENSÍONS CADA VEZ MÁIS BAIXAS. GALICIA É A SEGUNDA COMUNIDADE COA PENSÍON MEDIA MÁIS BAIXA**

## UGT PRESENTA EN SANTIAGO A CAMPAÑA EN DEFENSA DO PRESENTE E FUTURO DAS PENSÍONS

**Dentro dos actos reivindicativos da campaña están programadas tres marchas que saíran o día 10 de Córdoba, Zaragoza e Asturias (á que se unirá Galicia) e que rematarán o día 22 na Porta do Sol en Madrid cunha gran acampada-concentración**

**Redacción.-** UGT ven de por en marcha en todo o Estado a campaña "Por un sistema de pensións, público e sostible. Defender as pensións é cousa de todos" que este luns foi presentada en Santiago en rolda de prensa polo secretario xeral da Unión de Xubilados e Pensionistas, Valentín Tato, e polo responsable de Política Sindical, Emprego e Seguridade Social de UGT-Galicia, Luís Baneira.

Tato explicou que no marco desta campaña, que se vai desenvolver en todo o Estado, están programadas tres grandes marchas cara Madrid protagonizadas por xubilados e pensionistas que partirán de tres puntos o día 10, Córdoba, Zaragoza e Oviedo, e ás que se lles irán sumando compañeiros do Sindicato. Concretamente, Galicia uniráse á de Asturias en Benavente o día 15. O obxectivo é confluír en Madrid o día 22 cunha gran concentración-acampada na Porta do Sol.

O fin desta campaña é que se fagan visibles os problemas dos pensionistas, consecuencia das políticas de austeridade e recortes impostas polo Goberno do PP.

UGT denuncia que Galicia é unha das Comunidades que soporta unha realidade máis complexa cun terzo dos seus pensionistas que non superan os 500 euros ao mes e a metade que perciben tan só a pensión mínima.

Dende UGT faise fincapé na defensa do sistema público de pensións que a dereita minou nestes últimos anos co interese de abrir máis o negocio aos fondos privados. Hai que lembrar que o sistema de Seguridade Social é un dos principais elementos de distribución da riqueza. Nos peores momentos da crise foron moitas as familias que conseguiron subsistir e non cruzar o limiar da pobreza grazas aos máis maiores da casa, grazas ao ingreso das súas pensións.

Pola súa banda, Luís Baneira criticou duramente a nefasta xestión que do sistema público de pensións fixo o Goberno do PP. Unha

xestión que pon en perigo a Seguridade Social. Os ingresos á Seguridade Social afundíronse non só como consecuencia da crise, senón tamén das políticas laborais aplicadas (reforma do 2012) que acentuaron a perda de emprego e provocaron unha das maiores devaluacións salariais da UE.

A isto hai que sumarlle a caída da cobertura das prestacións por desemprego e que se lle teña outorgado reducións das cotizacións sociais ás empresas con cargo aos ingresos da Seguridade Social.

Todo isto con pleno coñecemento de que esas políticas provocaban o afundimento dos ingresos da Seguridade Social. O PP decidiu mantelas e compensar a intensa caída de ingresos con disposicións masivas do Fondo de Reserva ata esgotalo neste exercicio xa por completo.

Chegado este punto, co Fondo xa esgotado, ao Goberno non se lle ocorre outra cousa que, en lugar de facerse cargo como debería do déficit da Seguridade Social, propoñer que se lle outorgue un crédito que terá que devolver. Trátase da forma máis absurda de financiar as pensións.

A cuestión é aínda máis disparatada se se ten en conta que neste momento a Seguridade Social está sufragando 16.000 millóns de euros que non lle corresponden. Uns 1.800 de reducións de cotización ás empresas por estímulos ao emprego. 3.900 de gastos da administración e funcionamento que se financian indebidamente con cotizacións sociais e 10.500 correspondentes ao déficit de reximes e sistemas especiais que deberían ser financiados con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.

Neste contexto UGT reclama que a Seguridade Social cobre tamén entre 5.000 e 7.000 millóns de euros que deberían aumentar os ingresos por cotizacións corresponden-



tes aos salarios máis altos que están exentos de cotización por enriba da base máxima. Con todo isto, desaparecía o déficit da Seguridade Social.

Tamén urxe, para rematar con este empobrecemento progresivo dos pensionistas, derrogar as reformas impostas polo Goberno do PP no 2013 a través de dous mecanismos, a non revalorización das pensións, máis que un 0,25 por cento, e o factor de sostibilidade que obrigará aos pensionistas a pagar con reducións por vivir máis anos.

Galicia non é allea a este grave problema, todo o contrario, de feito esta Comunidade é a segunda que percibe as pensións máis baixas, cunha contía media de 774 euros. A provincia de Ourense é a que ten a pensión máis baixa de todo o Estado, de 667 euros ao mes de media.

Pero é que, paralelamente a todo isto, tamén debe corrixirse a situación laboral do país porque a súa precariedade en nada mellorará a situación do sistema da Seguridade Social. Para mostra os datos rexistrados no mes de abril cun 26,5 por cento dos contratos cunha duración inferior a unha semana e o 90 por cento dos contratos asinados de carácter temporal.

Urxe xa traballar pola creación de emprego de calidade e, para elo, é necesario derrogar a reforma laboral. Porque precariedade e temporalidade laboral nunca poden garantir un sistema de Seguridade Social forte e sostible.

## MANIFESTACIÓN EN OURENSE POLA FALTA DE AXUDAS TRAS OS DANOS PROVOCADOS POLAS XEADAS

**Redacción.-** Os produtores afectados polos danos das xeadas das pasadas semanas nas súas explotacións protagonizaron este martes unha mobilización en Ourense, convocados por UAAA.

Non foi posible a pesar dos esforzos realizados pola organización agraria acadar unha resposta nin da Consellería do Medio Rural nin da Presidencia da Xunta aos chamamentos de apoio feitos cara as familias que viron perder a colleita nas catro denominacións de orixe vitivinícolas afectadas en Lugo e Ourense. Nin tampouco houbo sensibilidade con produtores vítimas de graves danos nos sectores da castaña, cereal ou apicultura, que o pasado 19 de maio sacaron os tractores á rúa nas comarcas de Viana do Bolo e A Gudiña.

Na mobilización de Ourense déronse cita centos de colleiteiros, adegas e produtores agrarios que proceden dos máis de cincuenta concellos afectados nas provincias do interior de Galicia. Unións Agrarias non entende que coa magnitude da catástrofe acaecida e da que non se ten memoria non últimos cen anos, non haxa un concurso de todas as administracións e unha coordinación eficaz por parte do xefe do Goberno galego para tratar de atenuar os seus efectos.

O sindicato non considera xusto nin sensato entregar as entidades bancarias a potestade de decidir que explotacións sobreviven e cales se quedan no camiño ao non poder acceder a un crédito por ser insolventes, xa que non ten colleita na que ampararse. Resulta un contrasentido que tendo a maior parte dos produtores perdas do 100% se habiliten solucións ás que non van a poder acceder.

As axudas son o instrumento legal máis efectivo do que se dispón para superar unha crise que ven a rematar unhas economías de por si moi condicionadas polos baixos prezos da uva. Son ademais un mecanismo habitual posto en marcha noutros sectores e mesmo para a viticultura no 2016 na Ribeira Sacra. Do mesmo xeito, non bastan con propostas de adiar o pago das cotas da Seguridade Social senón a súa condonación efectiva. Accións que a Xunta de Galicia pode afrontar cos Fondos de Compensación previstos nos orzamentos xerais que acadan os 60 millóns de euros.

Desde o sindicato pídeselle sensibili-



dade ao presidente da Xunta para que non lle vire as costas aos produtores e traballadores das catro DO afectadas nun momento no que está en grave risco o seu modo de vida. Sería unha ironía triste que na lexislatura definida desde o Goberno galego como a do rural, na que se ían investir 230 millóns de euros e poñer en marcha 5.000 empregos, ao final se converta na etapa na que botaron o peche centos de explotacións e adegas.

Finalmente, Unións Agrarias pon de manifesto a súa vontade de colaboración responsable, polo que non entende nin considera intelixente que, representando a miles de produtores, non estea presente nas mesas de traballo de reformulación dos seguros agrarios ou na de propostas de solucións para o sector.

## PRINCIPIO DE ACORDO NO CONVENIO DA LOUSA

**Redacción.-** Tras unha serie de reunións que arrincaron no mes de febreiro, UGT FICA chegou un principio de acordo coa patronal do sector para a firma do Convenio Colectivo do Sector da Lousa para as provincias de Ourense e Lugo.

Con practicamente un 80% de representación sindical no sector, desde UGT FICA afrontamos a responsabilidade que implica esta maioría nun sector que dá traballo a máis de 2.500 persoas. Ao longo destes meses UGT FICA fixo fronte a unha negociación dura e moi esixente por parte da patronal nas súas pretensións. O seu principal obxectivo era eliminar calquera tipo de complemento para o traballador en situacións de incapacidade temporal. A nosa postura respecto diso foi tallante e conseguimos mantelas, aínda que, para iso tivemos que asimilarmos, en canto a porcentaxe de cobertura, as derivadas por accidente de traballo e hospitalización ás ocasionadas por enfermidade común ou accidente non laboral.

Todo isto, a pesar da irresponsabilidade doutras organizacións sindicais presentes na negociación, que deixaron patente que o seu obxectivo nunca foi conseguir un convenio que dese durabilidade ao sector, senón tentar facer ruído e obter titulares de prensa que non souberon conseguir a través da confianza dos traballadores.

Trátase dun convenio que serve para garantir as condicións económicas e, tan importante como o anterior, para dar estabilidade e paz social a un sector crucial para as zonas produtoras.

A actitude de UGT é, e vai seguir sendo, a responsabilidade sindical, afastada de actitudes populistas, poida que vistosas e sonoras pero nada efectivas á hora de defender os dereitos dos traballadores e traballadoras.

O principio de acordo alcanzado será asinado o vindeiro xoves 1 de xuño.

## Asinado o convenio de serradoiros da provincia de A Coruña

**Redacción.-** Os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo coa patronal de Rematantes e Serradoiros de Madeira da provincia de A Coruña o cal recolle, entre outros aspectos, que os traballadores do sector comezan este ano 2017 a recuperar poder adquisitivo dos salarios despois duns anos duros de crise económica. Este acordo recolle que durante os anos 2017 e 2018 os salarios se incrementan no 1'5% cada un dos anos de vixencia do convenio e teñen unha garantía mínima de ganancia de poder adquisitivo dunha décima. No caso de que o IPC supere a 31 de decembro o 1'5%, entón a garantía de poder adquisitivo elévase ata 0'3%. A pesar de todo, FICA considera que se podería ir máis aló, o 1,6 e con cláusula de revisión salarial que garantira 0'5% de ganancia de poder adquisitivo. De feito esta era a proposta inicial da plataforma sindical. Pero a tibia actitude do sindicato maioritario non permitiu chegar a isto cando a situación económica do sector é o suficientemente boa como para dar este paso.

## MOBILIZACIÓNS NA AXE POLA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

**Redacción.-** UGT e CCOO acordaron iniciar un proceso de mobilizacións na Administración Xeral do Estado ante a progresiva deterioración das condicións de traballo das empregadas e os empregados públicos. A primeira acción a realizar será unha concentración de delegadas e delegados do sector que terá lugar na rúa María de Molina, 50 (sede da Dirección Xeral da Función Pública) o próximo día 1 de xuño, xoves entre as 12 e as 14 horas.

Os motivos que xustifican esta acción derivan da existencia de graves problemas vinculados a:

A ausencia dunha negociación colectiva real. Non foi posible abordar, nos espazos de negociación abertos no ámbito, aspectos substanciais das condicións de traballo do seu persoal.

A progresiva perda de postos de traballo a AXE, xunto as políticas do goberno que apostan pola privatización de servizos, está a poñer en perigo os servizos públicos

prestados por esta Administración. Boa parte destes servizos públicos atópanse ao borde do colapso e precisan de solucións extraordinarias respecto da oferta de emprego público. Igualmente é necesaria a negociación en materia de planificación de recursos humanos para abordar solucións definitivas de cara ao futuro.

A ausencia de vontade para abordar a recuperación do poder adquisitivo que perderon as empregadas e empregados públicos. A mellora da situación económica do país debe reflectirse progresivamente no salario dos empregados públicos.

O proceso de recuperación de dereitos subtraídos ao persoal da AXE paralizouse. É necesario que se aborde a devolución de maneira inmediata daqueles aínda pendentes: 100% do salario en caso de IT, a formación, a acción social, o plan de pensións...

A falta de desenvolvemento do EBEP e as consecuencias que isto significa sobre



os dereitos do persoal da Administración do Estado, especialmente en relación ao persoal funcionario que, tras dez anos desde a súa aprobación, aínda ten pendente a regulación destas materias -carreira profesional, clasificación profesional ou sistema retributivo- en desenvolvemento desta norma.

A paralización da negociación do IV Convenio Único do Persoal Laboral da AXE e a incapacidade da representación da Administración para dar resposta ás reivindicacións deste persoal en relación á clasificación profesional ou respecto das súas retribucións.

## XORNADA DE FOLGA EN EXTEL



**Redacción.-** Este mércores os traballadores e traballadoras da empresa Extel, do sector de contact center, protagonizaron unha nova xornada de folga.

Desde UGT temos o convencemento que as propostas da empresa expulsarán da compañía a dúas de traballadores e traballadoras ao non poder soportar estes o empeoramento das súas condicións.

Na reunión mantida o martes, a empresa preséntanos unha alternativa á primeira proposta presentada por eles, que tamén é inaceptable.

Coas medidas que nos volven a poñer sobre a mesa pretenden pre-

carizar aínda máis as condicións dos traballadores, con horarios inasumibles que fan imposible conciliar a vida laboral coa familiar.

Desde UGT séguennos parecendo medidas desproporcionadas e unha proposta inasumible, na que Extel parece querer empuxar aos traballadores a unha saída forzosa da empresa.

UGT volveu a dicir, alto e claro, que non participaremos dun acordo no que non se reduzan drasticamente os fins de semana a traballar e no que non se manteñan as vantaxes adquiridas, ata agora, polos traballadores, algúns con máis de 20 anos de antigüidade na empresa.

## UGT anuncia mobilizacións se a patronal se mantén no inmovilismo no sector da seguridade privada

**Redacción.-** Os sindicatos UGT, CCOO e USO presentaron aos representantes empresariais do sector da seguridade privada as súas propostas para facer da negociación do convenio sectorial un marco de mellora en condicións dos traballadores. Entre as distintas propostas da parte social, destacan: convenio a tres anos; incremento salarial dun 3,3% por ano de vixencia; situar os pluses de transporte e vestuario no salario base; modificar paga de beneficios por paga de marzo como garantía de cobro; situar a realidade actual do Transporte de Fondos; clarificar o redactado do convenio; ampliar a relevancia dos plans de igualdade; debate de situar os pluses en forma ordenada; xornada, subrogación, descansos, permisos.

Estas propostas marcan o camiño para a mellora das condicións dos traballadores. A negociación do convenio complementárase con mobilizacións e presión nas rúas e centros de traballo para visualizar un marco de conflito no caso de que a patronal permaneza enrocada no seu inmovilismo e de costas ás necesidades dos traballadores.



# O COMITÉ CONFEDERAL AVOGA POR IMPULSAR O DIÁLOGO SOCIAL PARA QUE A RECUPERACIÓN CHEGUE ÁS PERSOAS



**Redacción.-** O 2º Comité Confederal Ordinario de UGT, celebrado hoxe en Madrid, aprobou unha declaración na que avoga polo impulso do diálogo social bipartito e tripartito, co fin de que a recuperación chegue ás persoas, non só ás empresas, e mellorar así a calidade de vida da poboación española. Ademais, rexeita o proxecto de PGE para 2017, na súa forma e contido, instando os grupos parlamentarios a modificalo no Congreso; e aprobou tres resolucións de urxencia, na defensa do dereito de folga e contra a Lei Mordaza, no impulso á negociación colectiva a través dos convenios sectoriais, evitando os acordos ou convenios coas empresas multiservicios, que recortan os dereitos dos traballadores; e en repulsa do atentado de Manchester.

O 2º Comité Confederal Ordinario de UGT, celebrado no día de hoxe en Madrid, aprobou de maneira unánime unha declaración na que esixe que a recuperación económica, que está a aumentar o nivel de beneficios das empresas, repercuta tamén nos traballadores e traballadoras mellorando as súas rendas, pensións e prestacións, tanto sociais como laborais.

O Comité rexeita a deterioración progresiva das relacións laborais debido ás políticas do Goberno nos últimos anos, que é unha das causas do aumento da pobreza e a desigualdade en España e que resulta incompatible co progreso duradeiro e sustentable.

A clase traballadora ten que beneficiarse tamén da nova fase de expansión da economía, recuperar a capacidade de compra e os dereitos perdidos e mellorar a súa calidade de vida de maneira progresiva. Por iso, son necesarios cambios profundos no modelo económico produtivo, económico, laboral e social, que conflúan nun novo contrato social no noso país. Un novo modelo que supoña a derogación da reforma laboral de 2012, o reequilibrio de forzas na negociación colectiva e o impulso das subidas salariais para mellorar o nivel de vida dos cidadáns.

## Impulsar o diálogo social coa patronal e co Goberno

Neste sentido, o Comité analizou a situación da negociación colectiva e reafirmou a posición da Comisión Executiva Confederal de UGT nas negociacións coa patronal. UGT non vai asinar calquera acordo con CEOE. Nunha fase expansiva

como a actual, só cabe a posibilidade de que os salarios gañen poder adquisitivo. A actual proposta da patronal resulta inaceptable, porque levaría á maioría de traballadores e traballadoras a profundar, un ano máis, na pobreza e a desigualdade.

Para o Comité, o diálogo social co Goberno tamén está a ser moi insatisfactorio. Hai catro mesas específicas que apenas botaron a andar e nas que o Executivo desatende as posicións do sindicato. Por iso, o Comité referendou dúas premisas imprescindibles para que o proceso sexa frutífero: que o Goberno devolva os equilibrios de forzas onde se romperon de maneira unilateral (reforma laboral ou lei de seguridade cidadá); e a realización de mobilizacións e concentracións, como as que UGT leva promovendo desde decembro, para mostrar a urxencia das actuacións impulsadas polo sindicato, que son as que demanda a maioría social.

Ademais, o Comité valorou o compromiso adquirido pola CEC de UGT de pasar a consulta vinculante entre os delegados e delegadas da organización os preacordos que se poidan alcanzar tanto coa patronal como co Goberno.

## Rexeitamento aos Orzamentos Xerais do Estado para 2017

O Comité rexeita o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado (PGE) para 2017 que presentou o Goberno do PP, tanto pola forma como polo fondo. Produciuse unha ausencia total de consulta deste Proxecto por parte do Goberno aos interlocutores sociais, nunha mostra máis da súa falta de interese por manter os niveis mínimos esixibles de transparencia e respecto ao diálogo social.

Ademais, estes Orzamentos resultan inadecuados e moi decepcionantes, sobre todo polo seu carácter antisocial. Volven cargar o peso do axuste sobre os empregados públicos, os pensionistas e os perceptores de prestacións por desemprego, cuxas rendas crecerán menos que a inflación, e que por tanto volverán perder poder de compra. Unha vez máis, priorizar o recorte do déficit ao benestar e aos dereitos da clase traballadora do noso país.

Por todo iso, o Comité Confederal esixe un cambio na orientación dos PGE para 2017 e apela á responsabilidade parlamentaria para logralo.

## Resolucións de urxencia: Dereito de folga, Lei mordaza, empresas multiservicios e atentado de Manchester

O Comité Confederal ha referendado a necesidade de derogar o artigo 315.3 do Código penal, que criminaliza o dereito de folga, e instou aos grupos parlamentarios a que se modifique a penalización das coaccións con carácter xeral, e por tanto, o tipo delituoso incluído no art. 172 do Código penal. Pero, mentres tanto, UGT non se vai a quedar cos brazos cruzados, senón que vai reclamar de maneira continua á Fiscalía Xeral do Estado que realice as actuacións necesarias para preservar o dereito constitucional de folga e a súa non criminalización, e que retire todos os cargos aos 300 sindicalistas procesados por exercer un dereito fundamental.

O Comité valorou tamén a iniciativa de levar ao Congreso dos Deputados as reivindicacións do sindicato para modificar a Lei Mordaza para o pleno desenvolvemento dos dereitos de manifestación e reunión, propio das sociedades democráticas avanzadas.

Ademais, ratifícase nas resolucións aprobadas no 42 Congreso e mantén que a ordenación e vertebración da estrutura da negociación colectiva debe facerse a través dos convenios sectoriais estatais polas Federacións Estatais de UGT, articulando as distintas materias e fixando fórmulas de ordenación xeral da negociación colectiva para que o convenio de empresa estea suxeito ás estipulacións realizadas polo convenio sectorial de referencia, recuperando a prioridade aplicativa do convenio sectorial.

Respecto das empresas multiservicios, pola particularidade de aplicar varios convenios sectoriais, o compromiso para seguir protexendo as condicións destes traballadores pasa por non promover novos convenios colectivos en tanto non se reforme o marco legal, evitando así acordos ou convenios que possibiliten que as traballadoras e os traballadores contratados a través de empresas multiservicios teñan dereitos inferiores aos das empresas para as que prestan os seus servizos.

O Comité aprobou tamén unha resolución en repulsa ao atentado terrorista de Manchester do día de onte, enviando a súa solidariedade e apoio ás vítimas e os seus familiares e rexeitando o medo, as políticas racistas e xenófobas e o repregamento ultranacionalista como método para acabar coa brutal secuela terrorista.

## UGT CONDENA O BRUTAL E COVARDE ATENTADO DO MANCHESTER ARENA

**Redacción.-** A barbarie deixou esta vez polo menos unha vintena de persoas mortas e case sesenta feridas. Tanta dor e crueldade infrinxida a un grupo de nenos e mozos e ao corazón dunha cidade traballadora non fai senón demostrar o absoluto despropósito dos autores e instigadores do atentado.

UGT envía a súa solidariedade e afecto ás familias e amigos das vítimas, ás xentes de Manchester, aos e as traballadoras dos servizos sanitarios, de seguridade, bombeiros e a todas e todos os que con tanta profesionalidade e corazón participaron nas

difíciles tarefas de emerxencia tras o atentado.

Todas e todos os afiliados a UGT estamos aínda máis preto das nosas compañeiras e compañeiros do Trade Union Congress, TUC, dicindo que esta barbarie non ten cabida no mundo xusto e libre que a clase traballadora esforzase en construír todos os días. Estamos de corazón e na acción cos nosos irmáns e irmás británicas



para seguir defendendo a democracia e a tolerancia como os mellores antidotos contra a tiranía do odio.

## UGT E CCOO ENVÍAN A CEOE E CEPYME AS SÚAS PROPOSTAS PARA PECHAR UN ACORDO

**Redacción.-** O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino e o secretario de Acción Sindical de CCOO, Ramón Górriz, enviaron aos presidentes de CEOE e CEPYME, Juan Rosell e Antonio Garamendi, respectivamente, as propostas de ambos os sindicatos para afrontar a determinación do incremento salarial para o ano 2017 e os temas que consideran poderían servir para pechar un acordo no marco do III Acordo Interconfederal 2015-2016-2017.

CCOO e UGT consideran que os salarios deben incrementarse en 2017 entre o 1,8% e o 3%, e recoller unha cláusula de garantía salarial. A recuperación do poder de

compra dos salarios e a cláusula de garantía, son un elemento importante para impulsar a demanda interna, e con ela, consolidar o crecemento económico e a creación de emprego de calidade, estable e con dereitos.

Outras propostas que se recollen no documento enviado a CEOE e CEPYME refírense ao absentismo, a igualdade de trato e oportunidades, a necesidade do mantemento da ultraactividade dos convenios ou á necesidade de impulsar a partici-



pación efectiva das organizacións empresariais e sindicais nos instrumentos de goberno da Formación para o Emprego.

Documento resumo das propostas: [http://www.ugt.es/Publicaciones/20170523\\_CCOOyUGT\\_Resumen%20Propuestas%20xa%20AENC2017\\_enviadoCEOEyCEPYME%20\(3\).pdf](http://www.ugt.es/Publicaciones/20170523_CCOOyUGT_Resumen%20Propuestas%20xa%20AENC2017_enviadoCEOEyCEPYME%20(3).pdf)

## UGT ESIXE UNHA POLÍTICA ENERXÉTICA DE ESTADO ACORDADA CON TODOS OS AXENTES IMPLICADOS

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, esixiu ao Goberno unha "política enerxética, con todos os axentes implicados, que impulse un plan de reindustrialización que non leve a ningún peche de empresas nin a despedimentos masivos de traballadores".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións tras a visita á Central Térmica de Andorra (Teruel), onde avogou por "revisar a fondo as políticas en relación ao sector enerxético no noso país. Cuestionamos de maneira clara o plan do carbón que prevé o peche en 2018. Hoxe iso non debería ser así, a situación que había no momento en que se produciu ese acordo non é a que hai hoxe".

Álvarez sinalou que "sería unha gran

irresponsabilidade renunciar a unha das enerxías que nos permitiu que o país se teña desenvolvido como o fixo nos últimos anos. Hai outras que teñen que desenvolverse e formar parte das prioridades do noso país nesta materia, como a enerxía solar e a eólica, pero iso non quere dicir que teñamos que renunciar a unha fonte de enerxía vital para as condicións de vida do conxunto do país, como é o carbón".

Neste sentido, lembrou que "alguén debería pensar que coas comarcas mineiras hai unha débeda histórica que nos permitiu que o país se desenvolvese como o fixo. Non se lle pode dar as costas ao carbón. O



custo do seu mantemento para o noso país é perfectamente asumible".

Ademais, manifestou que outro dos aspectos que cambiou desde que se asinou o acordo é que "as emisións de CO2 baixaron de maneira importante, non estamos no momento en que se fixo o acordo. E as técnicas de converter o carbón en enerxía melloraron tamén".

## UGT DEMANDA UNHA LEI REGULADORA ESPECÍFICA DOS SERVIZOS SOCIAIS



**Redacción.-** A Enquisa de Condicións de Vida do INE volve constatar as consecuencias das políticas de recorte impostas polo Goberno do PP nos últimos anos e que ocasionou unha deterioración xeneralizada en todos os servizos sociais. A pesar do crecemento económico, o Executivo segue obviando as necesidades sociais, un exemplo claro é o que ocorreu e segue ocorrendo no ámbito da Dependencia. A pesar de que hai moitas máis persoas que necesitan axuda, máis aló das que recoñece a propia Lei de Dependencia, o Goberno endureceu e recortou esta norma, o que provocou que mesmo se siga sen cubrir as necesidades dos dependentes recoñecidos.

